Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMT62SYW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 36



## Concello de Moaña

---

Para asegurar unha correcta aplicación das medidas antifraude no Concello de Moaña, constituirase a Comisión Antifraude, de composición eminentemente técnica, sen prexuízo de que a Presidencia da mesma recaia en persoal corporativo, integrada por funcionarias e funcionarios con especial capacitación. A designación dos membros da Comisión Antifraude realizarase mediante Resolución da Alcaldía, asumindo as funcións de Secretario/a da Comisión o que o sexa da corporación ou funcionario en quen delegue

### 4.2 Funcións da Comisión

Á Comisión Antifraude asígnanselle as seguintes funcións:

- a) Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita prever e detectar as posibles fraudes.
- b) Abrir un expediente informativo ante calquera sospeita de fraude, solicitando tanta información se entenda pertinente ás unidades involucradas na mesma, para a súa oportuna análise.
- c) Estudar e dar resposta ás denuncias recibidas que expoñan condutas susceptibles de ser encadradas en calquera dos supostos de fraude ou similares recollidos neste Plan (caixa de correos de denuncias).
- d) Propor á Alcaldía a resolución dos expedientes informativos incoados, ordenando o seu posible arquivo no caso de que as sospeitas resulten infundadas, ou a adopción de medidas correctoras oportunas si se chegase á conclusión de que a fraude realmente se produciu.
- e) Informar ao Pleno da Corporación das conclusións alcanzadas nos expedientes incoados e, no seu caso, das medidas correctoras aplicadas.
- f) Subministrar a información necesaria ás entidades ou organismos encargados de velar pola recuperación dos importes indebidamente recibidos por parte das persoas beneficiarias, ou propor a incoación das consecuentes sancións en materia administrativa e/ou penal.
- g) Levar un rexistro das mostraxes realizadas, das incidencias detectadas e dos expedientes informativos incoados e resoltos.
- h) Avaliar e revisar os procedementos de detección e corrección deseñados neste plan.

### 4.3 Réxime de reunións.

Con carácter ordinario a Comisión Antifraude deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano para coñecer dos asuntos que lle son propios. Ademais destas reunións de carácter ordinario, poderá reunirse en calquera momento con carácter extraordinario, cando algún dos seus membros así o solicite.

A convocatoria será realizada cunha antelación de 48 horas e a mesma deberá ir

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





## Concello de Moaña

---

acompañada dunha orde do día dos asuntos a tratar. Primarase a utilización de medios electrónicos en todo o relativo ao seu funcionamento.

Para todo o non regulado neste documento, o réxime do seu funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### 5. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN.

Considéranse factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude, propiamente ditas, no seo da organización, tales como:

#### **Factores de risco externos:**

Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude  
Cambios reguladores importantes  
Cambios nos altos cargos da organización

#### **Factores de risco internos ou institucionais:**

Ausencia dunha política adecuada que promova a transparencia e o comportamento ético  
Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión  
Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades  
Actividades con alto grao de discrecionalidade  
Procesos pouco informatizados

#### **Factores de risco individuais:**

Relacións inadecuadas coas entidades provedoras/operadoras  
Falta de experiencia ou de formación  
Inadecuada supervisión do traballo

#### **Factores de risco procedimentais:**

Falta de manuais de procedementos  
Falta de transparencia na toma de decisións  
Falta de claridade na distribución de competencias  
Ausencia de controis verticais e horizontais dos procedementos.

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos máis susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





## Concello de Moaña

- I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.
- II. Identificación de posibles conflitos de intereses.
- III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.
- IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.
- V. Casos de fraude detectados con anterioridade

En relación co anterior, a presente avaliación de riscos está dirixida inicialmente aos procesos clave do conxunto da organización municipal e a aqueles que se consideran máis vulnerables, sen prexuízo da posibilidade de estendelos a outros nun futuro próximo, de ser o caso.

Tendo en conta que a implantación do plan está supeditada ás previsións da Orde HFP/1030/2021 e que boa parte dos fondos do PRTR serán precisamente xestionados mediante o recurso a **actividade de fomento**-a través de axudas e subvencións- e coa realización de investimentos mediante a **contratación** de obras, subministracións e servizos, os riscos sobre os que cómpre facer maior fincapé son precisamente os que poidan acontecer nestas dúas áreas, algún dos cales, sen ánimo exhaustivo, se reflicten no seguinte cadro:

Ámbito	Risco
Contratación	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses
Contratación	Risco de adjudicación directa mediante uso indebido da contratación menor
Contratación	Risco de adjudicación directa mediante o uso indebido da contratación por exclusividade
Contratación	Risco de especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores
Contratación	Risco de manipulación de ofertas
Contratación	Risco de ampliación de contratos existentes para evitar a licitación
Contratación	Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais
Contratación	Risco de realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato
Contratación	Risco de non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución
Contratación	Risco de recibir prestacións deficientes ou de calidade inferior ás ofrecidas polo adxudicatario
Contratación	Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adjudicación directa
Contratación	Risco de vulneración do segredo das proposicións ou alteración das ofertas con posterioridade á súa presentación
Contratación	Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar
Contratación	Risco de trato de favor a determinado/s licitador/es mediante o

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





## Concello de Moaña

Ámbito	Risco
	establecemento das prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adxudicación
Contratación	Deseñar pregos imprecisos con marxes de discrecionalidade innecesaria
Contratación	Risco de consideración inadecuada de criterios de solvencia
Contratación	Risco de valoración inadecuada de criterios subxectivos
Contratación	Risco de demanda de bens e servizos que non respondan a unha necesidade real
Contratación	Risco de non detección de prácticas anticompetitivas ou colusorias
Subvencións	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses
Subvencións	Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións
Subvencións	Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á administración
Subvencións	Riscos de facturas falsas
Subvencións	Riscos de custes laborais falsos
Subvencións	Custes laborais prorrateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos
Subvencións	Custes reclamados en traballo de insuficiente calidade
Subvencións	Risco de dobre financiamento
Subvencións	Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes á aquelas para os que foron concedidos

Identificados os posibles riscos, efectuarase a súa avaliación e gradación de acordo coa metodoloxía que se expón a continuación.

Con carácter xeral, a cuantificación do risco basearase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter), reflectindo as seguintes táboas a valoración empregada:

### Probabilidade de ocorrencia:


Valor	Probabilidade	Factores de gradación
9	Alta	Habitual
8		Todos os anos de forma moi recorrente
7		Todos os anos de forma recorrente
6	Media	Todos os anos máis dunha vez
5		Frecuencia anual (todos os anos unha vez)
4		Ocasional (menos dunha vez ao ano)
3	Baixa	Menos dunha vez cada dous anos
2		Remota. Menos dunha vez cada tres anos
1		Case nunca

### Gravidade do impacto:

VALOR	GRAVIDADE	FACTORES DE GRADACIÓN
-------	-----------	-----------------------

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT625YW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 36



## Concello de Moaña

9		Uso indebido de cargos ou fondos públicos existindo ademais un beneficio particular. Indicio de infraccións penais ou administrativas graves que ocasionen danos reputacionais á institución
8	<b>Alta</b>	Incumprimento de obxectivos estratéxicos que afecten á imaxe institucional ou á prestación dos servizos
7		Uso irregular de cargos, fondos ou medios públicos con danos significativos ao patrimonio
6		Indicio de infraccións penais ou administrativas menos graves con impacto moderado na imaxe da institución
5	<b>Media</b>	Outros incumprimentos de normas administrativas
4		Uso irregular na utilización de medios públicos sen danos significativos ao patrimonio
3		Indicio de infraccións penais ou administrativas leves que ocasionen pequenos danos na imaxe institucional reversibles a curto prazo
2	<b>Baixa</b>	Incumprimento de obxectivos operativos
1		Irregularidades administrativas que non supoñan incumprimentos normativos nin afectación ao patrimonio

### Medidas que minoran o risco:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

### Matriz de riscos:

Puntuación acadada	Gradación final do risco
Igual ou inferior a 3	Baixo
Maior a 3 e inferior a 7	Moderado
Igual ou maior a 7	Elevado

Probabilidade/Gravidade	Baixa	Media	Alta
Alta	Moderado	Elevado	Elevado
Media	Baixo	Moderado	Elevado
Baixa	Baixo	Baixo	Moderado

Trasladada esta metodoloxía aos riscos anteriormente expostos, **no anexo V** reflíctese a gradación dos mesmos no ámbito do Concello de Moaña.

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104







## Concello de Moaña

---

### 6. ESTRUCTURACIÓN E DEFINICIÓN DAS MEDIDAS ANTIFRAUDE

Unha vez identificados e avaliados os riscos, corresponde determinar as medidas que, con carácter xeral, se van a adoptar para evitalos ou, no seu caso, minimalos.

Neste sentido, o Concello de Moaña articulará medidas adecuadas, proporcionadas e estruturadas ao redor dos catro elementos clave do ciclo de loita contra a fraude: prevención, detección, corrección e persecución, con arranxo á seguinte metodoloxía:

#### 6.1 *Medidas de prevención.*

6.1.1. Avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave da execución do PRTR, a través dos seguintes mecanismos:

- a) Cuestionario de autoavaliación relativo ao estándar mínimo desenvolvido con arranxo ao anexo II.B.5 da Orde HFP/1030/2021 (Anexo I).
- b) Desenvolvemento dunha cultura ética e aprobación dun código de conduta dos empregados públicos (Anexo II).

O Concello de Moaña fomenta os valores de integridade, obxectividade, rendición de contas e honradez, comprometéndose a reforzar o código de conduta que deben cumprir todas e todos os empregados públicos, o cal determinará o comportamento esperado ante posibles circunstancias que puidesen dar lugar a fraude, baseándose os seus principios nos seguintes compromisos de conduta:

- Cumprimento rigoroso da lexislación aplicable.
- Uso adecuado dos recursos públicos.
- Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.
- Transparencia e bo uso da información.
- Trato imparcial e non discriminatorio a beneficiarios/as.
- Salvagarda da reputación do Concello na xestión de Fondos.

O código de conduta dos empregados públicos inclúese no anexo II.

Este código ético publicarase na páxina web do Concello de Moaña para o seu xeral coñecemento e darase traslado a todo o persoal ao servizo da Corporación.

c) Plan de Formación e concienciación para todas as persoas membro do Concello de Moaña e implicación das autoridades da organización.

O Concello de Moaña comprométese a facilitar a participación en cursos e charlas formativas sobre diferentes temáticas en relación coa fraude e a corrupción coa finalidade de capacitar ao persoal cunhas aprendizaxes que axuden a detectar e prever o comportamento pouco ético do uso dos fondos públicos e, polo tanto, a

---

### Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSEFLKCVL7DJUE9DMTC2SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 36



## Concello de Moaña

---

potencial fraude. As accións formativas, que deben dirixirse a todos os niveis xerárquicos, articularanse en dúas liñas: unha formación máis especializada para as persoas integrantes da Comisión Técnica e da Comisión Antifraude, e máis xeneralista para o resto dos xestores implicados na tramitación dos fondos UE.

Así mesmo, o Concello comprométese a implicar ás autoridades da organización que deberán manifestar un compromiso firme contra a fraude e comunicalo con claridade, e desenvolver un enfoque pro-activo e eficaz na toma de decisións para xestionar o risco de fraude.

### 6.1.2. División de funcións nos procesos de xestión, control e pago.

No ámbito da organización do Concello producirase un reparto claro e segregado de funcións e responsabilidades nas actuacións de xestión, control e pago, evidenciándose esa separación de forma visible.

### 6.1.3. Mecanismos para a avaliación do risco de fraude.

Tal e como se reflicte no apartado 5, o Concello de Moaña ten establecido un mecanismo adecuado de avaliación do risco para todas as medidas xestionadas, deixando evidencia do mesmo, en busca das partes do proceso máis susceptibles de sufrir fraude e controlalas especialmente.

### 6.1.4. Os sistemas internos de control e a análise de datos.

Establecerase un sistema de control interno eficaz, adecuadamente deseñado e xestionado, con controis que se centren en paliar con eficacia os riscos que se identifiquen, potenciando a autoavaliación de riscos.

### 6.1.5. Cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados.

Análise de datos. Dentro dos límites relativos á protección de datos, realizarase un cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados que permitan detectar posibles situacións de alto risco, mesmo antes da concesión dos fondos. Uso de bases de datos de rexistros mercantís, da Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP), Base de Datos Nacional de Subvencións (BNS), bases de datos de puntuación de riscos (ARANHNE), Rexistros e Bases internas.

## 6.2. Medidas de detección.

### 6.2.1. Uso de bases de datos

Toda a documentación (incluída a declaración de ausencia de conflito de intereses) poderá ser verificada con:

- Información externa (por exemplo, información proporcionada por persoas alleas á organización que non teñen relación coa situación que xerou o conflito de intereses ou coa actuación obxecto de verificación)

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





## Concello de Moaña

---

- Comprobacións realizadas sobre determinadas situacións cun alto risco de conflito de intereses, baseadas na análise de riscos internos ou bandeiras vermellas (véxase apartado seguinte).
- Controis aleatorios, a través das Bases de datos especificadas no punto 6.1.5.

### 6.2.2. Definición de indicadores de fraude ou sinais de alerta.

Faise necesario asegurar que os procedementos de control focalicen a atención sobre os puntos principais de risco de fraude e nos seus posibles fitos ou marcadores. A simple existencia deste control serve como elemento disuasorio á perpetración de fraudes.

Nesta liña de procura de indicios de fraude, a Comisión Europea elaborou un catálogo de signos ou marcadores de risco, denominados "*bandeiras vermellas*"<sup>1</sup>. Este catálogo será tido en conta polos centros xestores do Concello de Moaña, recolléndose no anexo III as máis utilizadas na UE.

### 6.2.3. Procedemento para a súa aplicación efectiva.

En caso de detección dunha posible fraude, ou a súa sospeita fundada, o funcionario ou funcionaria deberá poñelo en coñecemento da Comisión Antifraude que o estudará e, no seu caso, poderá:

1. Propoñer a suspensión inmediata do procedemento e a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e revisar todos aqueles proxectos, subproxectos ou liñas de acción que poidan estar expostos ao mesmo.
2. Propoñer a comunicación dos feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria, ou á entidade executora que lle encomendou a execución das actuacións, nese caso será esta a que llos comunicará á entidade decisoria, quen comunicará o asunto á Autoridade Responsable, a cal poderá solicitar a información adicional que considere oportuna de cara ao seu seguimento e comunicación á Autoridade de Control.
3. Propoñer a denuncia dos feitos, si fose o caso, ás Autoridades Públicas competentes, ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude-SNCA-, para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a

---

1

Véxase o anexo I da nota informativa da Comisión Europea sobre indicadores de fraude para o FEDER, o FSE e o FC (Mecanismos de fraude comúns e recorrentes e os seus correspondentes indicadores).





## Concello de Moaña

---

Fraude.

4. Iniciar unha información reservada para depurar responsabilidades ou propoñer a incoación dun expediente disciplinario, no seu caso.
5. Propoñer a denuncia os feitos, no seu caso, ante o Ministerio Fiscal cando fose procedente, a efectos da depuración das responsabilidades que, na orde penal, se puidesen deducir.

### 6.2.4 Canle de denuncias externo.

Tanto os cidadáns como os empregados públicos, en caso de indicios de fraude que afecten a fondos europeos, por debilidades ou falta de operatividade nos sistemas de comunicación interna, poderán comunicar os indicios de fraude ou os feitos presuntamente fraudulentos ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) a través da Canle de denuncias externo Infofraude para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude con competencias para recibir e investigar denuncias relacionadas con operacións financiadas fondos europeos, tanto de xestión compartida como de xestión directa, no ámbito estatal, autonómico e local, que foi posto en funcionamento polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, e cuxos aspectos fundamentais están regulados na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude e que foi designado como a canle externa oficial de denuncias relativas aos fondos procedentes da execución do PRTR, que deriva no exercicio polo SNCA de competencias de investigación administrativa no ámbito estatal, autonómico e local.

Para a remisión ao SNCA de sospeitas de fraude e fraude constatado estarase ás comunicacións emitidas polo devandito Servizo e ao que estableza a este respecto.

A través da publicación deste Plan na web institucional e na sede electrónica do concello, se informa á cidadanía e ao persoal ao servizo do concello de Moaña da existencia da canle de denuncias habilitado polo SNCA (Infofraude) para a comunicación de información sobre fraudes ou irregularidades que afecten a fondos europeos, que dispón dun apartado específico relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia tenendo en cuenta o disposto na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

Segundo a citada comunicación,

*"a efectos de facilitar la remisión a las autoridades competentes de cualquier información relevante en la lucha contra el fraude a los intereses financieros de la Unión Europea, y en el marco de las funciones de coordinación que corresponden al Servicio*

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT02SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 36



## Concello de Moaña

Nacional de Coordinación Antifraude en dicho ámbito, cualquier persona que tenga conocimiento de hechos que pudieran ser constitutivos de fraude o irregularidad en relación con proyectos u operaciones financiados total o parcialmente con cargo a fondos procedentes de la Unión Europea podrá poner dichos hechos en conocimiento del Servicio Nacional de Coordinación Antifraude por medios electrónicos a través del canal habilitado al efecto por dicho Servicio en la dirección web:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>

Asimismo, y siempre que excepcionalmente no sea posible la utilización de los citados medios electrónicos, los hechos podrán ponerse en conocimiento del Servicio Nacional de Coordinación Antifraude en soporte papel mediante el envío de la documentación en soporte papel".

O enlace ao canal de denuncias Infofraude se publicará na páxina web do Concello (<https://concellodemoana.org/>) e na súa sede electrónica (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>).

### 6.3 Medidas de corrección.

#### 6.3.1 Procedemento a seguir ao detectarse unha posible fraude.

Ante calquera sospeita de fraude corresponderá actuar á Comisión Antifraude a fin de solicitar toda a información necesaria que permita determinar si, efectivamente, esta produciuse. A aparición de varios dos indicadores denominados "bandeiras vermellas" será un dos principais criterios para determinar a existencia de fraude.

A detección de posible fraude, ou a súa sospeita fundada, levará a inmediata suspensión do procedemento, a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e a revisión de todos aqueles proxectos que poidan estar expostos ao mesmo.

No caso de que se detecten irregularidades sistémicas, adoptaranse as seguintes medidas:

- Revisar a totalidade dos expedientes incluídos nesa operación e/ou de natureza económica análoga.
- Solicitar a retirada do financiamento comunitario de todos aqueles expedientes nos que se identifique a incidencia detectada.
- Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para emendar a debilidade detectada, de forma que as incidencias atopadas non volvan repetirse.
- Revisar os sistemas de control interno para establecer os mecanismos oportunos que detecten as referidas incidencias nas fases iniciais de verificación.

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMTC2SYW | Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 36



## Concello de Moaña

---

### 6.4 Medidas de persecución.

#### 6.4.1 Procedemento para o seguimento dos casos sospeitosos e a correspondente recuperación dos Fondos UE gastados fraudulentamente

O máis axiña posible, a Comisión Antifraude procederá a:

- Propoñer a comunicación dos feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria (ou á entidade executora que lle encomendou a execución das actuacións, nese caso será esta a que llos comunicará á entidade decisoria), quen comunicará o asunto á Autoridade Responsable, a cal poderá solicitar a información adicional que considere oportuna de cara ao seu seguimento e comunicación á Autoridade de Control.
- Propoñer a denuncia dos feitos punibles, si fose o caso, ás Autoridades Públicas competentes (Servizo Nacional de Coordinación Antifraude -SNCA-) e para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.
- Iniciar unha información reservada para depurar responsabilidades ou propoñer a incoación dun expediente disciplinario.
- Propoñer a denuncia dos feitos ante a fiscalía e os tribunais competentes, nos casos oportunos.

## 7. SEGUIMIENTO E MODIFICACIÓN DO PLAN

Será a Comisión Antifraude a encargada de verificar o correcto funcionamento dos procesos implementados de cara á detección, control e persecución do fraude, en colaboración con cada un dos centros xestores; tamén será a encargada de avaliar os resultados e proceder á revisión dos mesmos, con carácter semestral, se se estimase necesario.

Se fose necesaria a modificación deste Plan, a alcaldía elevará proposta neste sentido ao Pleno da corporación para a súa aprobación.

## 8. ESPECIAL REFERENCIA AO CONFLITO DE INTERESES

### 8.1 Definición e características.

#### *Conflicto de intereses.*

Existirá conflito de intereses, conforme á definición efectuada no apartado 3.4 do Plan, cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal.

#### *Posibles actores implicados no conflito de intereses.*

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





## Concello de Moaña

---

- Todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste plan que realice tarefas de organización, xestión, control e pago e outros axentes nos que se delegaron algunha/s desta/s función/s.
- Aqueles beneficiarios/as privados/as, socios/as, contratistas e subcontratistas, cuxas actuacións sexan financiadas con fondos do MRR, que poidan actuar en favor dos seus propios intereses, pero en contra dos intereses financeiros da UE, no marco dun conflito de intereses.

### *Tipos de conflito de intereses.*

Atendendo á situación que motivaría o conflito de intereses, pode distinguirse entre:

a) Conflito de intereses aparente:

Prodúcese cando os intereses privados do persoal empregado público ou beneficiario/a, son susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo das súas funcións ou obrigas, pero finalmente non se atopa un vínculo identificable e individual con aspectos concretos da conduta, o comportamento ou as relacións da persoa (ou unha repercusión en devanditos aspectos).

b) Conflito de intereses potencial:

Xorde cando o persoal empregado público ou o/a beneficiario/a teñen intereses privados de tal natureza que poderían ser susceptibles de ocasionar un conflito de intereses no caso de que tivesen que asumir nun futuro determinadas responsabilidades oficiais.

c) Conflito de intereses real:

Implica un conflito entre o deber público e os intereses privados dun/ha empregado/a público/a, ou no que estes teñen intereses persoais que poden influír de maneira indebida no desempeño dos seus deberes e responsabilidades oficiais. No caso dun/ha beneficiario/a implicaría un conflito entre as obrigas contraídas ao solicitar a axuda dos fondos e os seus intereses privados, que poden influír de maneira indebida no desempeño das citadas obrigas.

### *8.2 A declaración de ausencia de intereses (DACI).*

O modelo de declaración de ausencia de intereses (DACI) é o contido no Anexo IV.

### *8.3 Procedemento para abordar a prevención e corrección de conflitos de intereses (apartados 1 e 2 do artigo 61 do regulamento financeiro da UE).*

#### *8.3.1 Medidas de prevención do conflito de intereses.*

A efectos de xestionar a fase de prevención do conflito de intereses, articúlanse as seguintes medidas:

- a) Comunicación e información a todo o persoal incluído no ámbito de aplicación

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWY5FLKCWL7DJUE9DMTC25YW | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 36



## Concello de Moaña

---

deste plan sobre as distintas modalidades de conflito de intereses e das formas de evitalo (accións de formación específica e a través de canles ordinarias de comunicación interna no Concello).

- b) Obriga de cumprimentar unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) aos intervinientes nos procedementos: responsables do órgano de contratación/concesión de subvencións; persoal integrante das mesas de contratación; persoal que redacte os documentos de licitación/bases e/ou convocatorias; as e os expertos que avalíen as solicitudes/ofertas/propostas; os membros dos comités de avaliación de solicitudes/ofertas/propostas e demais órganos colexiados do procedemento.

En caso de órganos colexiados, a dita declaración pode realizarse ao comezo da correspondente reunión por todas as persoas intervinientes na mesma, debendo neste caso quedar reflectida na acta.

Igualmente, establecemento nos pregos de cláusulas administrativas ou nas bases de subvencións correspondentes, da obriga de cumprimentar a DACI como requisito a achegar pola/s persoa/s beneficiaria/s que deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial.

- c) Comprobación de información a través de bases de datos dos rexistros mercantís, de organismos nacionais e da UE, de expedientes dos/as empregados/as públicos (tendo en conta as normas de protección de datos) ou a través da utilización de ferramentas de prospección de datos propias ("data mining") ou de puntuación de riscos (ARACHNE).
- d) Aplicación estrita da normativa interna e do art. 53 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, relativo aos principios éticos e, en particular, o Capítulo V, "Deberes dos empregados públicos. Código de Conduta", do Título III, o art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á abstención e a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En caso de sospeitas fundadas da existencia dun conflito de intereses, comunicárase á persoa superior xerárquica da persoa implicada, que procederá a levar a cabo os controis e investigacións necesarios, en especial:

A) Contratación pública.

No caso de que se identifique un risco de conflito de intereses procederase a:

- Analizar os feitos coa persoa implicada para aclarar a situación.
- Excluir á persoa en cuestión do procedemento de contratación.
- No seu caso, cancelar o procedemento.

No caso de que, efectivamente, se producira un conflito de intereses, aplicarase a

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104







## Concello de Moaña

---

normativa legal en materia de sancións.

### B) Axudas públicas.

Todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste Plan que participe nos procesos de selección, concesión e control de axudas financiadas con fondos do MRR, absteranse de participar naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal.

### 8.3.2 Medidas de corrección e persecución.

Se os controis non corroboran a información, procederase a pechar o caso.

Se os resultados dos controis confirman a información inicial e o conflito de intereses é de tipo administrativo, o superior xerárquico confirmará por escrito que se dá tal conflito e poderá:

- Adoptar as sancións disciplinarias e as medidas administrativas que procedan contra o persoal funcionario implicado; en particular aplicarase de maneira estrita o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo á recusación;
- Cesar toda a actividade no asunto e/ou cancelar o contrato/acto afectado polo conflito de intereses e repetir a parte do procedemento en cuestión;
- Facer público o ocorrido para garantir a transparencia das decisións e, como elemento disuasorio, para impedir que volvan producirse situacións similares, de acordo coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No caso de que o conflito de intereses sexa de natureza penal, a persoa superior xerárquica deberá, ademais de adoptar as medidas anteriores, comunicar os feitos ao Ministerio Fiscal a fin de que este adopte as medidas pertinentes. A pesar das medidas de prevención o conflito de intereses pode producirse; nese caso será necesario abordar unha serie de medidas de corrección e de persecución descritas nos apartados 6.3 e 6.4.

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellomoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 36



## Concello de Moaña

### ANEXO I - CUESTIONARIO BÁSICO DE AVALIACIÓN DO RISCO

Esta autoavaliación configúrase no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como unha actuación obrigatoria para as unidades administrativas que xestionen expedientes de subvencións ou contratación que sexan financiados con fondos PRTR.

O Anexo II.B.5 da Orde HFP/1030/2021 inclúe un cuestionario de autoavaliación relativo ao estándar mínimo:

Pregunta	Grao de cumprimento			
	4	3	2	1
1. Dispónse dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita á entidade executora ou á entidade decisoria garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses?				
2. Constátase a existencia do correspondente «Plan de medidas antifraude» en todos os niveis de execución?				
<b>Prevenición</b>				
3. Dispón dunha declaración, ao máis alto nivel, onde se comprometa a loitar contra a fraude?				
4. Realízase unha autoavaliación que identifique os riscos específicos, o seu impacto e a probabilidade de que ocorran e se revisa periodicamente?				
5. Difúndese un código ético e infórmase sobre a política de obsequios?				
6. Impártese formación que promova a Ética Pública e que facilite a detección da fraude?				
7. Elaborouse un procedemento para tratar os conflitos de intereses				
8. Cumpríméntase unha declaración de ausencia de conflito de intereses por todos os intervinientes?				
<b>Detección</b>				
9. Definíronse indicadores de fraude ou sinais de alerta (bandeiras vermellas) e comunicáronse ao persoal en posición de detectalos?				
10. Utilízanse ferramentas de prospección de datos ou de puntuación de riscos?				
11. Existe algunha canle para que calquera interesado poida presentar denuncias?				
12. Dispónse dalgunha Unidade encargada de examinar as denuncias e propor medidas?				
<b>Corrección</b>				
13. Avaliase a incidencia da fraude e cualifícase como sistémico ou puntual?				
14. Retíranse os proxectos ou a parte dos mesmos afectados a fraude e financiados ou a financiar polo MRR?				
<b>Persecución</b>				
15. Comunicanse os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade executora, á entidade decisoria ou á Autoridade Responsable, segundo proceda?				
16. Denúncianse, nos casos oportunos, os feitos punibles ás Autoridades Públicas nacionais ou da Unión Europea ou ante a fiscalía e os tribunais competentes?				

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMT625YW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 36



## Concello de Moaña

---

Pregunta	Grao de cumprimento			
	4	3	2	1
Subtotal puntos				
Puntos totais				
Puntos máximos			64	
Puntos relativos (puntos totais/puntos máximos)				

*\*Nota: 4 equivale ao máximo cumprimento, 1 ao mínimo.*

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 36



## Concello de Moaña

### ANEXO II - CÓDIGO DE CONDUCTA DOS CARGOS ELECTOS E EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS

O Concello de Moaña manifesta publicamente, nunha Declaración Institucional, a política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción.

O Concello de Moaña conta con procedementos para a posta en marcha de medidas eficaces e proporcionadas contra a fraude, tendo en conta os riscos detectados.

Estes procedementos inclúen, dentro das medidas destinadas a previr a fraude, a divulgación dun **Código Ético e de Conduta dos cargos electos e empregados/as públicos/as do Concello de Moaña** que participan na execución do Plan de medidas antifraude do Concello de Moaña.

O presente Código constitúe unha ferramenta fundamental para transmitir os valores e as pautas de conduta en materia de fraude, recollendo os principios que deben servir de guía e rexer a actividade dos cargos electos e persoal empregado público.

O ordenamento xurídico español recolle unha serie de normas ás que deben aterse no exercicio das súas funcións tanto os membros do Goberno e altos cargos da Administración, como quen teña a condición de empregado público:

- A. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- B. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- C. Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Estatuto Básico do Empregado Público.
- D. Lei 53/1984, do 26 de decembro Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (última modificación: novembro de 2015).

#### PRINCIPIOS ÉTICOS FUNDAMENTAIS

Resultan da normativa indicada anteriormente.

#### A. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Para garantir á cidadanía que os servidores públicos axusten as súas actuacións aos principios de eficacia, austeridade, imparcialidade e, sobre todo, de responsabilidade, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, consagra un réxime sancionador estruturado en tres ámbitos, un deles, as infraccións en materia de conflito de intereses, que é de especial interese agora, dentro do Plan Antifraude en materia de Plan de

#### Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSEFLKCWL7DJUE9DMTC2SYW | Corrección: <https://concellomoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 36



## Concello de Moaña

recuperación, transformación e resiliencia.

Á súa vez o título II da Lei outorga rango de Lei aos **principios éticos e de actuación que deben rexer o labor dos membros do Goberno e altos cargos e asimilados** da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e **das Entidades Locais**, clarificando e reforzando o réxime sancionador que lles resulta de aplicación, en consonancia coa responsabilidade á que están suxeitos:

*Artículo 25. Ámbito de aplicación.*

- 1. En el ámbito de la Administración General del Estado las disposiciones de este título se aplicarán a los miembros del Gobierno, a los Secretarios de Estado y al resto de los altos cargos de la Administración General del Estado y de las entidades del sector público estatal, de Derecho público o privado, vinculadas o dependientes de aquella. A estos efectos, se considerarán altos cargos los que tengan tal consideración en aplicación de la normativa en materia de conflictos de intereses.*
- 2. Este título será de aplicación a los altos cargos o asimilados que, de acuerdo con la normativa autonómica o local que sea de aplicación, tengan tal consideración, incluidos los miembros de las Juntas de Gobierno de las Entidades Locales.*
- 3. La aplicación a los sujetos mencionados en los apartados anteriores de las disposiciones contenidas en este título no afectará, en ningún caso, a la condición de cargo electo que pudieran ostentar.*

*Artículo 26. Principios de buen gobierno.*

*1. Las personas comprendidas en el ámbito de aplicación de este título observarán en el ejercicio de sus funciones lo dispuesto en la Constitución Española y en el resto del ordenamiento jurídico y promoverán el respeto a los derechos fundamentales y a las libertades públicas.*

*2. Asimismo, adecuarán su actividad a los siguientes:*

*a) Principios generales:*

- 1.º Actuarán con transparencia en la gestión de los asuntos públicos, de acuerdo con los principios de eficacia, economía y eficiencia y con el objetivo de satisfacer el interés general. 2.º Ejercerán sus funciones con dedicación al servicio público, absteniéndose de cualquier conducta que sea contraria a estos principios.*
- 3.º Respetarán el principio de imparcialidad, de modo que mantengan un criterio independiente y ajeno a todo interés particular.*
- 4.º Asegurarán un trato igual y sin discriminaciones de ningún tipo en el ejercicio de sus funciones.*
- 5.º Actuarán con la diligencia debida en el cumplimiento de sus obligaciones y fomentarán la calidad en la prestación de servicios públicos.*
- 6.º Mantendrán una conducta digna y tratarán a los ciudadanos con esmerada corrección. 7.º Asumirán la responsabilidad de las decisiones y actuaciones propias y de los organismos que dirigen, sin perjuicio de otras que fueran exigibles legalmente.*

*b) Principios de actuación:*

- 1.º Desempeñarán su actividad con plena dedicación y con pleno respeto a la normativa reguladora de las incompatibilidades y los conflictos de intereses.*
- 2.º Guardarán la debida reserva respecto a los hechos o informaciones conocidos con motivo u*

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCVL7DJUE9DMT62SYW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 56



## Concello de Moaña

*ocasión del ejercicio de sus competencias.*

*3.º Pondrán en conocimiento de los órganos competentes cualquier actuación irregular de la cual tengan conocimiento.*

*4.º Ejercerán los poderes que les atribuye la normativa vigente con la finalidad exclusiva para la que fueron otorgados y evitarán toda acción que pueda poner en riesgo el interés público o el patrimonio de las Administraciones.*

*5.º No se implicarán en situaciones, actividades o intereses incompatibles con sus funciones y se abstendrán de intervenir en los asuntos en que concurra alguna causa que pueda afectar a su objetividad.*

*6.º No aceptarán para sí regalos que superen los usos habituales, sociales o de cortesía, ni favores o servicios en condiciones ventajosas que puedan condicionar el desarrollo de sus funciones. En el caso de obsequios de una mayor relevancia institucional se procederá a su incorporación al patrimonio de la Administración Pública correspondiente.*

*7.º Desempeñarán sus funciones con transparencia.*

*8.º Gestionarán, protegerán y conservarán adecuadamente los recursos públicos, que no podrán ser utilizados para actividades que no sean las permitidas por la normativa que sea de aplicación.*

*9.º No se valdrán de su posición en la Administración para obtener ventajas personales o materiales.*

*3. Los principios establecidos en este artículo informarán la interpretación y aplicación del régimen sancionador regulado en este título.*

*Artículo 27. Infracciones y sanciones en materia de conflicto de intereses.*

*El incumplimiento de las normas de incompatibilidades o de las que regulan las declaraciones que han de realizar las personas comprendidas en el ámbito de este título será sancionado de conformidad con lo dispuesto en la normativa en materia de conflictos de intereses de la Administración General del Estado y para el resto de Administraciones de acuerdo con su propia normativa que resulte de aplicación*

**B. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público**, regula os deberes de abstención e recusación de autoridades e persoal ao servizo da administración, en que puidesen darse conflitos de interese:

*Artículo 23. Abstención.*

*1. Las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente se abstendrán de intervenir en el procedimiento y lo comunicarán a su superior inmediato, quien resolverá lo procedente.*

*2. Son motivos de abstención los siguientes:*

*a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.*

*b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como*

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCVL7DJUE9DMT62SYW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 36



## Concello de Moaña

*compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato.*

*c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.*

*d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.*

*e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar.*

*3. Los órganos jerárquicamente superiores a quien se encuentre en alguna de las circunstancias señaladas en el punto anterior podrán ordenarle que se abstengan de toda intervención en el expediente.*

*4. La actuación de autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas en los que concurran motivos de abstención no implicará, necesariamente, y en todo caso, la invalidez de los actos en que hayan intervenido.*

*5. La no abstención en los casos en que concurra alguna de esas circunstancias dará lugar a la responsabilidad que proceda.*

### *Artículo 24. Recusación.*

*1. En los casos previstos en el artículo anterior, podrá promoverse recusación por los interesados en cualquier momento de la tramitación del procedimiento.*

*2. La recusación se planteará por escrito en el que se expresará la causa o causas en que se funda.*

*3. En el día siguiente el recusado manifestará a su inmediato superior si se da o no en él la causa alegada. En el primer caso, si el superior aprecia la concurrencia de la causa de recusación, acordará su sustitución acto seguido.*

*4. Si el recusado niega la causa de recusación, el superior resolverá en el plazo de tres días, previos los informes y comprobaciones que considere oportunos.*

*5. Contra las resoluciones adoptadas en esta materia no cabrá recurso, sin perjuicio de la posibilidad de alegar la recusación al interponer el recurso que proceda contra el acto que ponga fin al procedimiento.*

### **C. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público**

Igualmente resulta de aplicación sempre e agora moi especialmente, na actuación pública que resulta do exercizo do cargo electo e do persoal do Concello de Moaña o cumprimento dos principios éticos recollidos nos artigos 52 a 54 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, que establecen o seguinte:

*Artigo 52. – Deberes das e dos empregados públicos. Código de Conduta.*

*As e os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto*

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT625YW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 36



## Concello de Moaña

*do ordenamento xurídico, e deberán actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o Código de Conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados nos artigos seguintes.*

*Os principios e regras establecidos neste capítulo informarán a interpretación e aplicación do réxime disciplinario dos empregados públicos.*

### Artigo 53. – Principios éticos.

- 1. As e os empregados públicos respectarán a Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico.*
- 2. A súa actuación perseguirá a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns e fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e o interese común, á marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares ou calquera outras que poidan chocar con este principio.*
- 3. Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos, e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.*
- 4. A súa conduta basearase no respecto dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*
- 5. Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supor un risco de expor conflitos de intereses co seu posto público.*
- 6. Non contraerán obrigas económicas nin intervirán en operacións financeiras, obrigas patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supor un conflito de intereses coas obrigas do seu posto público.*
- 7. Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.*
- 8. Actuarán de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia, e vixiarán a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.*
- 9. Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen xusta causa e, en ningún caso, cando iso comporte un privilexio en beneficio dos titulares dos cargos públicos ou a súa contorna familiar e social inmediato ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.*
- 10. Cumprirán con dilixencia as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden e, no seu caso, resolverán dentro de prazo os procedementos ou expedientes da súa competencia.*
- 11. Exercerán as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público*

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT2Z5YV | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 56





## Concello de Moaña

*absténdose non só de condutas contrarias ao mesmo, senón tamén de calquera outras que comprometan a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.*

12. *Gardarán segredo das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente, e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.*

*Artigo 54. – Principios de conduta.*

1. *Tratarán con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados e empregadas públicas.*
2. *O desempeño das tarefas correspondentes ao seu posto de traballo realizarase de forma dilixente e cumprindo a xornada e o horario establecidos.*
3. *Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico; nese caso poranas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.*
4. *Informarán aos cidadáns sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer, e facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.*
5. *Administrarán os recursos e bens públicos con austeridade, e non utilizarán os mesmos en proveito propio ou de persoas achegadas. Terán, así mesmo, o deber de velar pola súa conservación.*
6. *Rexeitarase calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código Penal.*
7. *Garantirán a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.*
8. *Manterán actualizada a súa formación e cualificación.*
9. *Observarán as normas sobre seguridade e saúde laboral.*
10. *Porán en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren adecuadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados. A estes efectos poderase prever a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou administrados que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.*
11. *Garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite sempre que sexa oficial no territorio.*

D. Ley 53/1984, de 26 de diciembre Incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas

Finalmente, todos os empelados e cargos públicos do Concello de Moaña suxéitanse a Lei 53/1984, do 26 de decembro Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

A regulación das incompatibilidades contida nesta Lei parte, como principio

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT625YW | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 56



## Concello de Moaña

---

fundamental, da dedicación do persoal ao servizo das Administracións Públicas a un só posto de traballo, sen máis excepcións que as que demande o propio servizo público, respectando o exercicio das actividades privadas que non poidan impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.

### *Artículo 1. [Principios generales]*

- 1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño, por sí o mediante sustitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma. (...)*
- 2. Además, no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en esta Ley, más de una remuneración con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel ni ejercer opción por percepciones correspondientes a puestos incompatibles. (...)*
- 3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia*

Con independencia do establecido na norma indicada, as persoas que exerzan tarefas de organización, xestión, seguimento e/ou control, que participen na execución das medidas do PRTR, prestarán especial atención no cumprimento do presente Código Ético e de Conduta nos seguintes aspectos e fases do procedemento de xestión de proxectos financiados con fondos do MRR:

1. Levarán a cabo o cumprimento rigoroso da lexislación da Unión, nacional e/ou rexional, aplicable na materia de que se trate, especialmente nas materias seguintes:
  - Elixibilidade dos gastos.
  - Contratación pública.
  - Réximes de axuda.
  - Información e publicidade.
  - Medio Ambiente.
  - Igualdade de oportunidades e non discriminación.
2. As persoas relacionadas coa organización, xestión, seguimento e control dos fondos do MRR, exercerán as súas funcións baseándose na transparencia, un principio que implica claridade e veracidade no tratamento e difusión de calquera información ou datos que se dean a coñecer, tanto interna como externamente. Este principio obriga a responder con dilixencia ás demandas de información, todo iso sen comprometer, de ningún modo, a integridade daquela información que puidese ser

---

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT62SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 56



## Concello de Moaña

---

considerada sensible por razóns de interese público.

3. Terase especial coidado en cumprir o principio de transparencia:

- Cando se dean a coñecer e comuniquen os resultados de procesos de concesión de axudas financiadas polos fondos do MRR.
- Durante o desenvolvemento dos procedementos de contratación.

4. O cumprimento do principio de transparencia non irá en detrimento do correcto uso que os cargos e o persoal debe facer daquela información considerada de carácter confidencial, como poden ser datos persoais ou información proveniente de empresas e outros organismos, debendo absterse de utilizala en beneficio propio ou de terceiros, en prol da obtención de calquera trato de favor ou en prexuízo do interese público.

5. Existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo por parte dos cargos públicos que interveñan e o persoal empregado público das funcións relacionadas cos fondos do MRR, véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política, de interese económico ou por calquera outro motivo, cos beneficiarios das actuacións cofinanciadas.

Un conflito de intereses xorde cando unha ou un empregado público pode ter a oportunidade de antepoñer os seus intereses privados aos seus deberes profesionais.

Terase especial coidado en que non se produzan conflitos de intereses nos cargos públicos e do persoal empregado público relacionado cos procedementos de “contratación” e “concesión de axudas públicas”, en operacións financiadas por fondos do MRR.

A) Contratación pública.

No caso de que se identifique un risco de conflito de intereses procederase a:

- Analizar os feitos coa persoa implicada para aclarar a situación.
- Excluir á persoa en cuestión do procedemento de contratación.
- No seu caso, cancelar o procedemento.

No caso de que, efectivamente, se producira un conflito de intereses, aplicarase a normativa legal en materia de sancións.

B) Axudas públicas.

As autoridades e o persoal incluído no ámbito de aplicación deste Plan que participe nos procesos de selección, concesión e control de axudas financiadas con fondos do MRR, absteranse de participar naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal.

No caso de que, efectivamente, se produza un conflito de intereses, aplicarase a normativa legal en materia de sancións.

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT62SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 56



## Concello de Moaña

---

### RESPONSABILIDADES RESPECTO DO CÓDIGO

Entender e cumprir os principios do presente Código Ético e de Conduta, é responsabilidade de todas as persoas que levan a cabo funcións de organización, xestión, seguimento e/ou control de operacións financiadas con fondos do MRR, que deben ler e cumprir o código, colaborar na súa difusión no traballo, con colaboradores, provedores, empresas de asistencia técnica, beneficiarios de axúdas, etc

Non obstante, convén puntualizar e concretar algunhas responsabilidades específicas, segundo os diferentes perfís profesionais.

Os cargos públicos e todo o persoal ten a obriga de:


- Ler e cumprir o disposto no Código.
- Colaborar na súa difusión na contorna de traballo, a colaboradores, provedores, empresas de asistencia técnica, beneficiarios de axudas ou calquera outra persoa que interactúe co Concello de Moaña.
- As persoas responsables de servizo ademais das anteriores, teñen a obriga de:
  - o Contribuír a aclarar as posibles dúbidas que se expoñan respecto ao Código.
  - o Servir de exemplo no seu cumprimento.

Os órganos directivos, teñen a obriga de promover o coñecemento do Código por parte de todo o persoal, así como a obriga de fomentar a observancia do Código e de cumprir os seus preceptos.

---

### Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 56



## Concello de Moaña

### ANEXO III - BANDEIRAS VERMELLAS NA LOITA CONTRA A FRAUDE

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar unha fraude potencial.

Como exemplo destas bandeiras vermellas relaciónanse a continuación as máis empregadas, clasificadas por tipoloxía de prácticas potencialmente fraudulentas extraídas do Anexo I da Nota informativa da Comisión Europea sobre indicadores de fraude para o FEDER, o FSE e o FC (Mecanismos de fraude comúns e recorrentes e os seus correspondentes indicadores), e que teñen carácter meramente orientativo ou exemplificativo. Esta relación non é exhaustiva, e cada área de tramitación implicada na xestión dos Fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia deberá profundizar e desenvolver segundo a súa propia casuística.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación.	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos ou servizos da persoa contratista gañadora	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutras persoas licitadoras	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación con obras ou servizos similares ou promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Os licitadores perdedores non se poden localizar en Internet o nos directorios de empresas, no teñen dirección, etc. (noutras verbas, son ficticios)		
	Todas as persoas licitadoras ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMTGSYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 56



## Concello de Moaña

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novas persoas licitadoras participan no procedemento	Anual	Auditoría
	As/Os adxudicatarias/os se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra...	Anual	Órgano xestor
	A/O adxudicataria/o subcontrata ás persoas licitadoras perdedoras	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente o valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.)	Anual	Órgano xestor
Conflicto de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Non presentación da declaración de conflito de interese ou se fai de forma incompleta	Trimestral	Órgano xestor
	Declinar o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Indicios de que as persoas que interveñen nos expedientes de contratación fan negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización cos provedores	Anual	Órgano xestor
	Aumento inexplicable ou súbito da riqueza ou nivel de vida do persoal que interveñen nos expedientes de contratación		
Manipulación de ofertas	Queixas das persoas licitadoras e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dúbidasas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
	Indicios de cambios nas ofertas despois da recepción		
	Ofertas excluídas por erros		

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT625YW | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 56



## Concello de Moaña

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos da licitación aberta ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos	Anual	Órgano xestor
	Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos	Anual	Órgano xestor
	Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de persoas beneficiarias	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes	Anual	Órgano xestor
	Presións manifestas sobre outros membros do comité		
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para as que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto	Anual	Órgano xestor

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSEFLKCWL7DJUE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 56



## Concello de Moaña

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
(incumprimento adicionalidade)	Varios cofinanciadores que financian a mesma operación	Anual	Órgano xestor
	Non existe documentación soporte das achegas realizadas por terceiros	Anual	Órgano xestor
	Financiamento non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polas persoas solicitantes de axudas	Anual	Órgano xestor
	Ocultación de información con obriga de remitir á Administración	Anual	Órgano xestor
	Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas	Anual	Órgano xestor
	Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos	Anual	Órgano xestor
	Imprecisión na definición de gastos elixibles	Anual	Órgano xestor
	Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 56





## Concello de Moaña

### ANEXO IV - DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES

Expediente.

Contrato/Subvención/ Convenio:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, o/a/os/as abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran, ao seu leal saber e entender, que:

*Primeiro.* – Estar informado/a/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 “Conflicto de intereses”, do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE), establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.
2. Que o artigo 64 “Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 “Abstención”, da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento “as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte”, sendo estas:
  - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
  - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
  - c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
  - d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
  - e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou haberlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT25YW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 56



## Concello de Moaña

---

*Segundo.* – Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

*Terceiro.*– Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación/órgano de firma do convenio, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar a devandito escenario.

*Cuarto.* – Coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

E para que conste, asino a presente declaración».

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 56



## Concello de Moaña

### ANEXO V – TÁBOA DE RISCOS

CONTRATACIÓN	Probab.	Gravid.	Gradac. R.I	Gradac. R.F	Matriz	Medidas que minoran o risco
Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	6	6	6,0	6,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Declaración de ausencia de conflitos de intereses en todos os membros das mesas de contratación</li><li>• Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflito de intereses</li></ul>
Risco de adjudicación directa mediante uso indebido da contratación menor	8	6	7,0	5,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Contratos menores abertos con publicidade-Instrución Contratación Depo</li><li>• Sistema de alertas que informen da concentración de contratos en provedores</li><li>• Comprobación por Intervención de indicios de fraccionamento</li><li>• Establecemento de bandeiras vermellas cando a contratación menor supere 5 contratos a longo dun mesmo exercicio cun mesmo provedor</li><li>• Revisión periódica de concentración de contratos en provedores</li></ul>
Risco de adjudicación directa mediante uso indebido da contratación por exclusividade	8	6	7,0	6,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Informe centro xestor sobre exclusividade</li><li>• Declaración xurada do licitador afirmando dita exclusividade.</li><li>• Verificación de especificacións pola intervención, ou de ser o caso por entidades independentes</li></ul>
Risco de especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores	1	9	5,0	5,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Verificación de especificacións pola intervención, ou de ser o caso por entidades independentes</li></ul>
Risco de manipulación de ofertas	1	9	5,0	2,0	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Uso xeneralizado da ferramenta VORTAL e dos sistemas de encriptación de ofertas</li></ul>
Risco de ampliación de contratos existentes para evitar a licitación	5	6	5,5	2,5	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Aprobación prevista nos pregos da posibilidade de ampliación ou prorrogas de contratos</li><li>• Revisión por Secretaría Xeral e Intervención</li><li>• Aprobación por instancia superior ao proponente</li></ul>
Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais	2	7	4,5	3,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Previsión nos pregos de cláusulas que permitan a aplicación de penalidade automática nos casos de incumprimentos</li></ul>
Risco de realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato	3	6	4,5	1,5	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Garantir unha axeitada segregación de funcións de forma que a persoa encargada de pagar as facturas non sexa a mesma que presta a conformidade sobre o cumprimento das condicións estipuladas no contrato</li></ul>
Risco de non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución	4	6	5,0	2,0	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Designar unha persoa responsable do contrato que reúna garantías de independencia respecto do contratista e con cualificación técnica axeitada para exercer a correcta supervisión do contrato. Preferentemente serán persoal empregado público da propia administración con coñecementos especializados na materia</li></ul>

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





## Concello de Moaña

CONTRATACIÓN	Probab.	Gravid.	Gradac. R.I	Gradac. R.F	Matriz	Medidas que minoran o risco
Risco de recibir prestacións deficientes ou de calidade inferior ás ofrecidas polo adxudicatario	6	6	6,0	3,0	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>Deixar constancia no expediente, a través dun informe técnico ou na propia acta de recepción, dun pronunciamiento expreso sobre o cumprimento daquelas características da prestación que se contemplaron na adxudicación do contrato (melloras, condicións especiais de execución...)</li></ul>
Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adxudicación directa	7	6	6,5	5,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Especificar nos pregos eses parámetros obxectivos en función dos cales se considera que a proposición non pode ser cumprida</li></ul>
Risco de vulneración do segredo das proposicións ou alteración das ofertas con posterioridade á súa presentación	1	6	3,5	2,5	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>Emprego da licitación electrónica</li></ul>
Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar	1	9	5,0	4,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Publicación no perfil do contratante da planificación das contratacións que cada centro xestor revé realizar ao longo do exercicio</li></ul>
Risco de trato de favor a determinado/s licitador/es mediante o establecemento das prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adxudicación	6	9	7,5	6,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Verificación de especificacións pola intervención, ou de ser o caso por entidade independente</li></ul>
Deseñar pregos imprecisos con marxes de discrecionalidade innecesaria	7	3	5,0	4,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Control Secretaría Xeral e Intervención</li><li>Aprobación dun manual de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de riscos</li></ul>
Risco de consideración inadecuada de criterios de solvencia	7	6	6,5	3,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Control Secretaría Xeral e Intervención</li><li>Aprobación dun manual de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de riscos</li></ul>
Risco de valoración inadecuada de criterios subxectivos	1	6	3,5	3,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Eliminación/Redución dos criterios subxectivos</li><li>Aprobación dun manual de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de riscos</li></ul>
Risco de demanda de bens e servizos que non respondan a unha necesidade real	6	7	6,5	6,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Aprobación dun manual de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de riscos</li></ul>
Risco de non detección de prácticas anticompetitivas ou colusorias	6	6	6,0	6,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Esixencia de traslado do expediente á Comisión Galega da Competencia cando a Mesa de contratación estime que existen indicios fundados de colusión</li></ul>

SUBVENCIONS	Probab.	Gravid.	Gradac. R.I	Grada c.	Matriz	Medidas que minoran o risco
Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	6	6	6,0	5,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Declaración de ausencia de conflitos de intereses en todos os membros das comisións de valoración</li><li>Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflito de intereses</li><li>Comisións de valoración con presenza non exclusiva de membros do órgano concedente</li></ul>

## Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT625YW | Corrección: https://concellomoaña.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 56



## Concello de Moaña

SUBVENCIONS	Probab.	Gravid.	Gradac. R.I	Grada c.	Matriz	Medidas que minoran o risco
Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións	1	9	5,0	3,0	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>Compromiso de sometemento á normativa de subvencións</li><li>Revisión de bases por Secretaría Xeral e Intervención</li><li>Uso de modelos harmonizados</li></ul>
Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á administración	6	6	6,0	5,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes</li><li>Comprobación de información de BD de organismos públicos e rexistros mercantís</li></ul>
Riscos de facturas falsas	1	7	4,0	2,0	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>Comprobación mediante cruces de BD</li><li>Inspección sobre o terreo</li><li>Verificacións de documento electrónico</li></ul>
Riscos de costes laborais falsos	1	7	4,0	4,0	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo</li><li>Fixación dun límite ao importe de gastos de persoal subvencionados</li></ul>
Costes laborais prorrateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos	4	7	5,5	4,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Verificar proxectos e cruzar datos de distintos proxectos</li></ul>
Costes reclamados en traballo de insuficiente calidade	4	7	5,5	5,5	MODERADO	<ul style="list-style-type: none"><li>Solicitude de probas adicionais</li></ul>
Risco de dobre financiamento	1	4	2,5	2,5	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>Comprobacións cruzadas de bases de datos</li></ul>
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes á aquelas para os que foron concedidos	1	4	2,5	2,5	BAIXO	<ul style="list-style-type: none"><li>Comprobacións sobre o terreo</li></ul>

*Gradación Risco inicial (RI): Gradación do risco sen considerar as medidas de control existentes*

*Gradación Risco final (RF): Gradación do risco unha vez valoradas as medidas de control existentes*

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellomoana.selectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 56



## Concello de Moaña

### ANEXO VI- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA EL FRAUDE PARA PROXECTOS/SUBPROXECTOS VINCULADOS A SUBVENCIONES INCLUIDAS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

*A Entidade Local CONCELLO DE MOAÑA ten a condición de Entidade Executora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia segundo o disposto na Orde 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do plan de Recuperación e Resiliencia, en tanto lle corresponde, no ámbito das súas competencias, a execución do Proxecto/Subproxecto denominado ....., concedido a través das Subvencións incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

*O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia sinala a obrigação que teñen os Estados Membros de aplicar medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión e para velar por que a utilización dos fondos en relación coas medidas financiadas polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia axústese ao dereito aplicable da Unión e nacional, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.*

*O Pleno da corporación municipal de Moaña, órgano colexiado que reúne a todos os membros electos da entidade executora quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e a corrupción en calquera das súas formas.*

*O persoal da Entidade Local concello de Moaña, no seu carácter de empregados públicos, asume e comparte este compromiso tendo entre outros deberes os de "velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar conforme os seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes" (Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 52).*

*Elaborouse un Plan de medidas antifraude para poñer en marcha medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude e a corrupción baseado nunha formulación proactivo, estruturado e específico para xestionar o risco de fraude que dea garantías de que o gasto en que se incorreu en actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia está libre de conflito de interese, fraude e corrupción.*

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJUE9DMT62SYW | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 56



## Concello de Moaña

---

*Adicionalmente, cóntase con procedementos para previr, detectar e denunciar situacións que puidesen constituír fraude ou corrupción e para o seguimento das mesmas.*

*O obxectivo desta política é promover dentro da organización unha cultura que desaliente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o esenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión destes supostos.*

*En definitiva, o Concello de Moaña ten unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e estableceu un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corrixir o seu impacto, en caso de producirse.»*

O asunto foi ditaminado favorablemente na sesión extraordinaria e urxente da Comisión Especial de Contas e de Facenda, Persoal, Normalización Lingüística, Mobilidade Urbana, Accesibilidade e Vivenda de data 21.06.2022.

Intervencións [...]

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/das catorce concelleiros/as presentes, do BNG (7), do PSdeG-PSOE (2), do PP (6) e de XM (1), dun total de dezasete que a compoñen, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE transcrito como Anexo á proposta da alcaldesa.

**SEGUNDO.-** Aprobar expresamente os documentos que seguen, que formarán parte do Plan de Medidas Antifraude:

*Código de conduta de persoal e cargos electos do Concello de Moaña.*

*Declaración institucional contra o fraude.*

*Modelo de declaración de compromiso ético.*

**TERCEIRO.-** Remitir un exemplar do plan e do seus Anexos ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, unha vez se reciba, no seu caso, a correspondente concesión formal dos fondos solicitados.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación do Plan de PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE do concello de Moaña na páxina web do Concello (<https://concellodemoana.org/>) e na súa sede electrónica (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>).

---

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º e prace da Sra. alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCVL7DJUE9DMT625YW | Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 56



## Concello de Moaña

---

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expido a presente certificación.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3RWYSFLKCWL7DJJE9DMTG2SYW | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 56